

## Proxecto Documental Integrado

### A historia entre costuras

Curso 2022/2023



*...desde tempos remotos as mulleres contaron historias, cantaron romances e enfiaron versos ao amor da fogueira. Ao longo dos tempos, foron sobre todo as mulleres as encargadas de deslear na noite a memoria dos contos. Foron as tecedoras de relatos e retallos. Durante séculos enrolaron historias ao mesmo tempo que facían virar a roca ou manexaban a lanzadeira do tear. Elas foron as primeiras en plasmar o universo como malla e como redes. Anoaban as súas alegrías, ilusións, angustias, terrores e crenzas máis íntimas. Tinguían de cores a monotonía. Entrelazaban verbos, la, adxectivos e seda. Por iso textos e tecidos comparten tantas palabras: a trama do relato, o nó do argumento, o fío da historia, o desenlace da narración; enrolarse os miolos, bordar un discurso, fiar fino, urdir unha intriga. Por iso os vellos mitos fálannos da tea de Penélope, das túnicas de Nausícaa, dos bordados de Aracne, do fío de Ariadna, da febra da vida que fiaban as moiras, do lenzo dos destinos que cosían as nortas, do tapiz máxico de Sherezade.*

*O infinito nun xunco. Irene Vallejo. Siruela.*

### Proposta da Biblioteca da Escola para Educación Infantil, Primaria e Secundaria

O PDI que imos desenvolver durante este curso 2022-2023 leva por título “A historia entre costuras”. Este proxecto parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo obxecto de estudo e investigación a evolución da indumentaria e a moda a través das distintas épocas, os tecidos e a súa composición, os complementos, os diversos oficios relacionados coa costura, a sustentabilidade da industria téxtil...

### Obxectivos do proxecto

- Conseguir que o alumnado coñeza a evolución da indumentaria ao longo da historia.
- Aprender sobre a vestimenta en tempos pasados.
- Descubrir a relación entre moda e publicidade (televisión, internet, redes sociais..)
- Valorar a influencia da moda na xente nova.

- Analizar o papel dos *influencers* nas persoas.
- Reflexionar como a industria téxtil pode contribuír a restablecer ou recuperar a contorna, a segunda man e a reciclaxe, novos tecidos e materiais e o impacto sobre a urbanización das cidades.
- Analizar os cambios sociais producidos que provocou a evolución da modista á internet pasando polo centro comercial.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas a través dun centro de interese tan motivador como a moda e os complementos.
- Fomentar a curiosidade polos oficios que xiran en torno á industria téxtil.
- Reflexionar sobre a necesidade de manter condutas sostibles: tecidos naturais, ser consciente do impacto da produción téxtil na contaminación das augas do planeta...
- Comprender o que sucede nos distintos puntos da cadea de confección das prendas que vestimos, que hai detrás da deslocalización das fábricas téxtiles e como viven as persoas que fabricaron a nosa roupa antes de chegar a nós.
- Comprender os aspectos socioculturais relacionados co mundo da moda.
- Coñecer diferentes formas de vestimentas nas distintas culturas.



## Metodoloxía

Cada titor/a, en colaboración co profesorado que incide no seu curso, escollerá un contido relacionado co PDI para investigar co alumnado. Converterase nun grupo experto que, ao remate do proxecto, presentará os resultados do seu traballo ao resto da comunidade educativa. Facilitarase unha táboa na que se anotarás o tema escollido por cada curso.

O traballo organizarase seguindo unhas **pautas metodolóxicas básicas**, tales como:

- Utilización do xogo como principio metodolóxico básico, xa que os nenos/as aprenden xogando e xogan aprendendo.
- Experimentación.
- Prácticas favorecedoras do coidado ambiental.
- Fomento do traballo colaborativo como elemento motivador para favorecer o traballo do alumnado con máis dificultades.
- Respecto pola contorna como unha maneira de educar, que debe ir implícita en todas as actuacións que se leven a cabo no centro.

## Contidos

- A evolución da indumentaria ao longo da historia.
- Que é a moda?
- A historia da moda.
- Os tecidos. Ecolóxicos e sostibles.
- Produción téxtil responsable.
- O tinguido na industria téxtil.
- A industria da roupa.
- Os complementos.
- O papel da moda na emancipación da muller.
- A creatividade.
- Patronaxe.
- Moda e publicidade.
- Artistas e deseñadores relacionados coa industria téxtil.
- Oficios e profesións relacionados coa costura.
- Labores relacionadas coa costura: bordado, gancho, calceta, zurcido, teares, macramé ...
- A indumentaria deportiva.



## Temporalización e suxestións de actividades para as distintas fases do proxecto.

O Proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso escolar 2022-2023 seguindo as **fases** que a continuación se detallan:

**A primeira fase**, durante o 1º trimestre, dedicarase á presentación e motivación, e ao inicio das investigacións necesarias para realizar o posterior traballo.

Na **segunda fase**, que ocupará o 2º trimestre, desenvolverase o proxecto afondando e realizando as diferentes actividades suxeridas no apartado de desenvolvemento do proxecto.

**A terceira fase** ou fase de divulgación desenvolverase ao longo do terceiro trimestre. Tratarase de promover unha actitude crítica e sensible cara ao mundo da moda e o desenvolvemento sostible, a través das diferentes actividades. Os resultados das investigacións daranse a coñecer a toda a comunidade educativa.

### 1ª Fase: Presentación e motivación

- Reunión co profesorado para dar a coñecer as liñas xerais do proxecto.
- O profesorado titor explicará nas clases o proxecto.
- Partir das ideas previas do alumnado.
- Concienciación sobre a influencia da moda nos comportamentos e indumentaria.
- Chuvia de ideas sobre esta temática nas clases.
- Lectura de contos, lendas, mitos, poemas, fragmentos de novelas ou de textos divulgativos...
- Visionado dalgunha película: *Prêt-à-Porter*, *Personal Shopper*, *Zoolander*, *El hilo invisible*, *La modista*, *Coco Chanel e Igor Stravinsky*, *Coco: de la rebeldía a la leyenda de Chanel*, *El diablo viste de Prada*, *Yves Saint Laurent*, *Flor del desierto*, *101 dálmatas (Más vivos que nunca)*, *Las mujeres de verdad tienen curvas...*
- Visionado de documentais onde se perciba o impacto negativo da industria téxtil nas persoas (psicolóxica e economicamente) e no planeta (deforestación, contaminación...)

## 2ª Fase: Desenvolvemento do proxecto

- Investigación sobre os tecidos naturais e sintéticos.
- Os tecidos sostibles. Tipos e beneficios.
- Realización de murais físicos ou dixitais.
- Recollida de vocabulario propio da costura e do mundo da moda.
- Creación de libros escolma con refráns, lendas...
- Lectura e creación de poemas relacionados coa roupa.
- A reciclaxe e a reutilización de materiais para costura e deseño.
- Investigación e estudo sobre o mundo da moda e a evolución do traxe a través da historia.
- Elaboración de manualidades diversas con teas, botóns, fíos, lás, fitas de cores...
- Unha tenda de roupa.
- Organización dun desfile.
- Patronaxe.
- O tinguído das teas.
- Investigación sobre deseñadores galegos.
- Saídas para visitar un obradoiro de teares, un obradoiro de costura, unha fábrica téxtil...
- Charlas de expertos en deseño, patronaxe, costura, tecidos...
- Realización de diversos obradoiros relacionados coa costura, bordado, calceta, gancho, telares, estampación en tea...
- Experimentos tinguindo as teas ou roupa.

## Festas e conmemoracións

- Día Internacional das Bibliotecas. Presentación oficial do PDI.
- Samaín/Halloween: Vestímonos para dar medo.
- Sesións de porfillamento lector.
- Magosto.
- Día da Paz: Tinte Artesanal Indígena del Perú con Pigmentos Naturales. <https://www.fashionrevolution.org/mexico-blog/pigmentosnaturalesperu/>
- Celebración do Entroido. Confeccionar disfraces do tema elixido.
- 8 de marzo, conmemoración do Día Internacional da Muller: deseñadoras, modistas, costureiras, tecedoras, bordadoras, encaixeiras ...
- Día da Poesía, 21 de marzo.
- Semana Andersen. Organización dun gran desfile cos personaxes de contos de Andersen.
- Semana das Letras Galegas: Francisco Fernández del Riego.
- Fin de curso.Exposición de traballos realizados en torno o PDI.

## 3ª Fase: Divulgación do proxecto

A través de:

- Exposicións orais.
- Presentacións.
- Vídeos.
- Xogos.
- Exposicións de murais, manualidades ...
- Gravacións.
- Podcasts.
- Obras de teatro.
- Creacións literarias...
- Charlas.
- Obradoiros.

### Materials e recursos

- Ordenadores para buscar información.
- Material funxible.
- Libros sobre a evolución do traxe, a moda, os tecidos, os complementos...
- Recursos en liña.
- Vídeos.
- Material aportado por toda a comunidade educativa.
- Todo o que nos ofrece a contorna da escola.



### Bibliografía

- *Un amor de botón.* Pauline Carlioz. Ed. Combel.
- *La vuelta al mundo de un forro polar rojo.* Wolfgang Korn. Ed. Siruela.
- *O fío.* Gracia Iglesias. Ed. Kalandraka.
- *La ropa de Lulú.* Camilla Reid. Ed. SM.
- *O traxe novo do emperador.* Hans Christian Andersen.
- *El sastrecillo valiente.* Hermanos Grimm.
- *El zorro se viste.* Julia Donaldson. Ed Juventud.
- *Coser y contar.* Angels Navarro. Ed. Combel.
- *Costura para niños.* Catherine Woram.
- *Crea la ropa para tus muñecas.* Ed. Libbooks Barcelona.
- *El gato con botas.* Perrault.
- *Las zapatillas rojas.* Hans Christian Andersen.

***Agora a miña nai e eu rumoreamos as historias da noite nos oídos do meu fillo. Aínda que xa non son aquela nena, escribo para que non se acaben os contos. Escribo porque non sei coser, nin facer puntos; nunca aprendín a bordar, pero fascíname a delicada urdimbre das palabras. Conto as miñas fantasías feitas un nobelo con soños e recordos. Síntome herdeira desas mulleres que sempre teceron e desteceron historias. Escribo para que non rompa o vello fío da voz....”***

*O infinito nun xunco.* Irene Vallejo. Siruela

